

COMENTARIO SEMIOLÓXICO E SOCIOLÓXIGO DUN TEXTO DE CASTELAO

Por X. ALONSO MONTERO

1

Propóñome facer un análise sociolóxico e semiolóxico dun texto de Castelao, un texto que, ademais de pedir a berros semellante tratamento, poidera ser revelador. Trátase do primeiro relato do segundo libro de "Cousas" publicado en 1929. Que figure na porta do volume non debe ser casualidade. Compre, pró meu ouxetivo, reproducilo inteiro.

2

Si eu fose autor escribiría unha peza en dous lances. A obriña duraría dez minutos nada máis.

LANCE PRIMEIRO

Érguese o pano e aparece unha corte aldeán. Enriba do estrume hai unha vaca morta. Ó redor da vaca hai unha vella velliña, unha muller avellentada, unha moza garrida, dúas rapaciñas bonitas, un vello petrucio e tres nenos loiros. Todos choran a fío i enxoitán os ollos coas mans. Todos fan o pranto e dín cousas tristes que fan rir, ditos paifocos de xentes labregas, angurentas e cobizosas, que pensan que a morte dunha vaca é unha gran desgracia. O pranto debe ter unha gracia choqueira, para que estoupén de risa os do *patio de butacas*.

E cando se fartan de rir os señoritos baixará o pano.

LANCE SEGUNDO

Erguese o pano e aparece un estrado elegante, adobiado con moito señorío. Enriba dunha mesa de pés ferrados de bronce, hai unha bandexa de prata, enriba da bandexa hai unha almofada de damasco, enriba da almofada hai unha cadeliña morta. A cadela morta semellará unha folerpa de neve. Ó seu redor chora unha fidalgona e dúas fidalguiñas novas. Todas elas fan o pranto i enxoitan as bágoas con paniños de encaixe. Todas van dicindo, unha a unha, as mesmas parvadas que dixeron os labregos diante da vaca morta, ditos tristes que fan rír, porque a morte dunha cadela non é para tanto.

E cando a xente do galiñeiro se farte de rír a cachón, baixará o pano moi amodiño.

3

Vexamos, en primeiro lugar, nestes dous actos de comunicación, os términos que coinciden:

- O emisor (un suposto autor de teatro).
- O código (a lingua galega).
- O medio ou canle (un escenario).

Rexistremos xa a primeira discrepancia:

— No lance primeiro o asunto do mensaxe podería resumirse deste xeito: Unhos labregos, ós que lles morréu unha vaca, choran a fío e láianse con ditos maiúsculos.

— No segundo lance o asunto podería resumirse así: Xente do señorío, á que lles morréu unha cadeliña, choran a fío e láianse con ditos maiúsculos.

Tanto nun mensaxe como noutro os asuntos —distintos— semellan remitir a un mesmo tema: a perda de algo que nos doi. Si se entende que os datos e os episodios dun asunto invéntaos e arránxaos un autor pra expresar axeitadamente un tema, no primeiro cadro o asunto expresa A pra ús e B pra outros, e no segundo o mesmo asunto expresa B pra quenes denantes entendían A.

Está ben patente que o status, que a situación socioeconómica, é a responsable dunha e de outra interpretación. A clase social, pois, condiciona a nosa sensibilidade, as nosas valoracións e o noso talante ante o arte mesmo. Isto parece suxerir Castelao. É un erro creer que no eido das humanidades $2 + 2$ son catro; a verdade é verdade de clase, de tal xeito que tan certo é cinco coma tres (o catro é a idea que, ó marxen da complexidade sociolóxica da realidade, grabaron en nós os pregoeiros da Verdade, do Ben e da Beleza).

A peciña que estamos a comentar, máis que un conto, máis que un guión dunha obra de teatro, é un test, un test literario. Tal test proba elocuentemente que a clase social do destinatario condiciona a leutura do mensaxe, feito ó que non debe estar alleo o emisor, o creador. Neste test Castelao parece non manifestar preferencias (nin cos labregos nin coas fidalgas) xa que nos dous casos, cando íl se mete nos feitos, cando íl valora os feitos, exprésase así:

a) "...ditos paifocos de xentes... que pensan que a morte dunha vaca é unha gran desgracia".

b) "...ditos tristes que fan rír porque a morte dunha cadela non é para tanto".

Castelao esfórzase en adoutar un punto de vista superclasiasta: está por derriba de labregos e fidalgas, e, no intre de subestimar o comportamento de ús e de outros, non descalifica máis ós segundos que ós primeiros (ou sexa, esfórzase en aparentar a mesma inxusticia ou incompreensión con aqueles e con estes). Mercede a isto, a este truco do test, nós, os leutores, non temos máis razóns contra a vaca que contra a cadela. Deste xeito Castelao propónse que adoutemos o seu punto de vista (un punto de vista por enriba das clases). Agora ben, íl sabe que non o vai conseguir porque nós tamén somos dunha determinada clase, non necesariamente estimada.

Chegados eiquí, impónse preguntar: ¿Hai algún dato ou recurso na peciña comentada pola que asome Castelao a orella da parcialidade? Penso que sí. Repárese que nós saímos do teatro cando aínda sonan as gargalladas do pobo —non as dos señoritos—, cando o pobo está a manifestar a súa incompreensión ante o comportamento da outra clase social. Realmente o res-

ponsable do final, de que o final apareza protagonizado polo pobo, é, a nivel consciente ou subconsciente, Castelao. "Cousas", o libro ó que pertence este test, é un libro de manifesto anti-señoritismo, de aberta simpatía ás xentes do común. Sáibase, de tódalas maneiras, que hai dibuxos de Castelao, non poucos, onde a posición asumida é, decididamente, a popular. Nun deles unha nena probe do campo opina que o rei "comerá sucre", opinión propia dunha determinada visión do mundo.

Unha das leucióis de Castelao reside eiquí: en amosarnos a nós, ós que sabemos que os reis xantan e cean caviar, que hai xentes que teñen unha conceución das cousas tan "real" coma a nosa. Esa conceución —despréndese dos mensaxes de Castelao— pode trocarse por outra cando cambien as realidades socioeconómicas que a condicionan. Neste "affaire" non pode haber hoxe por hoxe neutrales: ou se está coa cadela ou se está coa vaca.